

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**7368** *Lei orgánica 4/2014, do 11 de xullo, complementaria da Lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

I

O Consello de Ministros acordou o 26 de outubro de 2012 a creación dunha Comisión para a Reforma das Administracións Públicas que debía elaborar un informe con propostas de medidas que dotasen a Administración do tamaño, eficiencia e flexibilidade que demandan os cidadáns e a economía do país.

Con data do 21 de xuño de 2013, o Consello de Ministros recibiu da vicepresidenta e ministra da Presidencia e do ministro de Facenda e Administracións Públicas o citado informe e, mediante o Real decreto 479/2013, desa mesma data, creouse a Oficina para a Execución da Reforma da Administración como órgano encargado da execución coordinada, seguimento e impulso das medidas incluídas nel, o cal tamén poderá propor novas medidas.

Desde a publicación do informe da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, e mesmo con anterioridade, fóronse ditando diversas normas e acordos para a execución formal das propostas contidas nel.

O presente texto recolle novas medidas normativas que son necesarias para a execución dalgunhas das propostas do informe.

A nova regulación dada ao segundo parágrafo do artigo 494 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, suporá unha axilización dos trámites de xubilación do persoal ao servizo da Administración de xustiza dos corpos xerais e especiais, ademais dunha organización máis eficiente da súa xestión.

Efectivamente, sendo as comunidades autónomas con competencias transferidas as que xestionan todas as materias relativas ao seu estatuto xurídico, parece oportuno que sexan os seus órganos competentes os que acorden a xubilación, tal e como, ademais, sucede co resto do persoal pertencente á Administración xeral do Estado en situación de servizo en comunidades autónomas.

Por outro lado, na actualidade a constitución de tribunais delegados en cada comunidade autónoma que oferte as súas prazas de modo territorializado é obrigada, e tradúcese en que unha boa parte deles non ten atribuída ningunha función propia de carácter selectivo. As funcións que realizan son de carácter simplemente auxiliar e administrativo e poden ser realizadas de modo máis efectivo e económico polos órganos administrativos ordinarios da comunidade.

Coa nova regulación dada ao parágrafo primeiro do artigo 487 da Lei orgánica do poder xudicial trátase de posibilitar que a constitución de tribunais delegados nas comunidades autónomas e nas probas de acceso aos corpos de funcionarios da Administración de xustiza poida responder a criterios de oportunidade e racionalidade e unicamente se constitúan cando o tipo de probas, o contido das funcións que deben

realizar, así como o número de prazas ou outras circunstancias de carácter obxectivo, o aconsellen.

## II

Por outra parte, mediante esta lei orgánica introdúcese algunhas modificacións necesarias na Lei orgánica do poder xudicial. En primeiro lugar, recupérase o derogado artigo 118. A Lei orgánica 4/2013, do 28 de xuño, de reforma do Consello Xeral do Poder Xudicial, derogou o título II do libro II da Lei orgánica do poder xudicial, e a regulación alí contida pasou a desenvolverse nun novo libro VIII denominado «Do Consello Xeral do Poder Xudicial». Esta modificación tamén afectou o dito artigo 118, que se derogou sen trasladar o seu contido á nova redacción, o que xerou un desaxuste ao se tratar dun precepto necesario, que regulaba –pese ao seu lugar na lei– a cobertura de destinos cuxos titulares se encontran en situación de servizos especiais. Resulta conveniente, por tanto, recuperar esta previsión lexislativa cun novo artigo, cos axustes e actualizacións precisas. Tratándose dunha ordenación prevista en principio para os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial, pero aplicable en realidade a todos os xuíces e maxistrados en situación de servizos especiais, o novo precepto encontra mellor acomodo dentro do capítulo VII do libro IV. E introdúcese certas melloras técnicas en relación co precepto derogado para adaptar a regulación ao que vén sendo a práctica na cobertura de vacantes por situación de servizos especiais.

En segundo lugar, mellórase o réxime de permisos por asuntos propios da carreira xudicial para a equiparación á situación da función pública. A Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, modificou a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para adecuar parte da súa regulación e axustala ao groso das medidas aplicables ás administracións públicas e aos empregados públicos ao seu servizo, como consecuencia das medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade implantadas mediante o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo. Entre as modificacións levadas a cabo na Lei orgánica do poder xudicial, reduciuse a tres o número de días de permiso por asuntos propios para xuíces e maxistrados, co fin de equiparar este réxime co do resto da función pública. Posteriormente, a mellora da situación económica permitiu recompensar o esforzo realizado entón polo conxunto dos funcionarios públicos coa concesión de días adicionais de permiso. E esta concesión débese estender tamén á carreira xudicial, o que exige neste caso unha reforma da Lei orgánica do poder xudicial. En consecuencia, modifícase o número 4 do artigo 373 da Lei orgánica do poder xudicial, para elevar a cinco o número anual de días de permiso dos xuíces e maxistrados, e equiparar así o réxime de permisos na carreira xudicial co do resto da función pública.

## III

En canto a un aspecto moi puntual do estatuto dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial, introdúcese un novo artigo 584 bis que, reproducindo o contido do até agora artigo 628, permite que esta regulación teña un lugar sistematicamente máis correcto, tanto polo seu contido como polo carácter orgánico que lle debe corresponder. Este novo precepto reproduce o contido do artigo 628 da Lei orgánica do poder xudicial, ben que eliminando o seu punto terceiro, pois este contiña unha limitación que estaba xerando disfuncións na práctica, xa que tal limitación só se aplicaba aos vogais sen dedicación exclusiva con funcións no ámbito público, sen que exista ningunha diferenza, en canto ás funcións que deben desempeñar, entre os vogais que non integran a Comisión Permanente en función da súa procedencia profesional.

## IV

O 19 de xuño do presente ano tivo lugar a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da Lei orgánica 3/2014, do 18 de xuño, pola que se fai efectiva a abdicación do rei Juan Carlos I de Borbón.

A figura do rei está constitucionalmente revestida da inviolabilidade e inmunidade que tanto os antecedentes históricos como o dereito comparado atribúen ao xefe do Estado, ao establecer o número 3 do artigo 56 da Constitución que «A persoa do rei é inviolable e non está suxeita a responsabilidade. Os seus actos estarán sempre referendados na forma establecida no artigo 64 e carecerán de validez sen o dito referendo, agás o disposto no artigo 65.2».

Conforme os termos do texto constitucional, todos os actos realizados polo rei ou a raíña durante o tempo en que desempeñe a xefatura do Estado, calquera que sexa a súa natureza, quedan amparados pola inviolabilidade e están exentos de responsabilidade. Polo contrario, os que realice despois de abdicar quedarán sometidos, se for o caso, ao control xurisdiccional, polo que, ao non estar recollido na normativa vixente o réxime que se lle debe aplicar en relación coas actuacións procesuais que lle poidan afectar por feitos posteriores á súa abdicación, se precisa establecer a súa regulación na Lei orgánica do poder xudicial.

Neste sentido, o novo artigo que se introduce atribúe o coñecemento das causas civís e penais que contra el se poidan dirixir polos referidos feitos ao Tribunal Supremo, atendendo á dignidade da figura de quen foi o rei de España, así como ao tratamento dispensado aos titulares doutras maxistraturas e poderes do Estado.

E similares razóns concorren na necesidade de dotar de idéntico aforamento ante o Tribunal Supremo a raíña consorte ou o consorte da raíña, a princesa ou príncipe de Asturias e o seu consorte, así como o consorte do rei ou da raíña que abdicase.

## V

Finalmente, mediante esta lei orgánica introdúcese unha modificación na disposición transitoria terceira da Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do poder xudicial, co obxecto de aclarar un aspecto que viña xerando dúbidas interpretativas.

Así, precísase no último parágrafo da dita disposición transitoria terceira que, para o cálculo das contías das retribucións por substitución, non se computarán as contías que corresponden por circunstancias especiais. O artigo 5 da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, cuantifica o complemento de destino correspondente a cada praza en atención a tres criterios: o grupo de poboación en que se integra, as condicións obxectivas de representación vinculadas ao cargo e outras circunstancias especiais asociadas ao destino. O que se pretende con esta modificación é aclarar que debe quedar excluído o pagamento destas últimas (circunstancias especiais asociadas ao destino), dado que o contrario suporía retribuír dobremente ese mesmo concepto, o cal se percibe inevitablemente ao estar vinculado á praza en que se está destinado.

Con esta regulación despéxase calquera dúbida interpretativa e adécuase plenamente o contido da disposición transitoria terceira da Lei orgánica 8/2012 co do Real decreto 431/2004, do 12 de marzo, na súa redacción dada recentemente polo Real decreto 700/2013, do 20 de setembro.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Incorpóranse un novo artigo 55 bis, un novo artigo 355 bis e un novo artigo 584 bis, modifícanse os artigos 373, 487 e 494 e suprímese o capítulo IV do título V do libro VIII da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, quedando redactados como segue:

Un. Inclúese un novo artigo 55 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 55 bis.

Ademais das competencias atribuídas ás salas do civil e do penal do Tribunal Supremo nos artigos 56 e 57, as ditas salas coñecerán da tramitación e axuizamento das accións civís e penais, respectivamente, dirixidas contra a raíña consorte ou o consorte da raíña, a princesa ou príncipe de Asturias e o seu consorte, así como contra o rei ou raíña que abdicase e o seu consorte.»

Dous. Engádesse un novo artigo 355 bis, coa seguinte redacción:

«1. Os destinos cuxos titulares se encontren en situación de servizos especiais poderanse cubrir polos mecanismos ordinarios de substitución, mediante comisións de servizo con ou sen relevación de funcións ou a través dos mecanismos ordinarios de provisión, mesmo coas promocións pertinentes, para o tempo que permanezan os titulares na referida situación.

2. Se a vacante se cobre mediante os mecanismos ordinarios de provisión, aqueles que ocupen os referidos destinos quedarán, cando se reintegre á praza ou seu titular, adscritos ao tribunal colexiado en que se produciu a reserva ou, se se trata dun xulgado, á disposición do presidente do tribunal superior de xustiza correspondente e sen mingua das retribucións que viñan percibindo. Mentres permanezan nesta situación prestarán os seus servizos nos postos que determinen as respectivas salas de goberno, devindicando as indemnizacións correspondentes por razón do servizo cando este se preste en lugar distinto do da súa residencia, que permanecerá no da praza reservada que ocupou.

Mentres desempeñan a praza reservada, unha vez transcorrido un ano desde que accederon a ela, ou en calquera momento cando se encontren en situación de adscrición, poderán acceder en propiedade a calquera destino polos mecanismos ordinarios de provisión e promoción. Ocuparán definitivamente a praza reservada que serviron cando quede vacante por calquera causa. Cando queden en situación de adscritos, serán destinados á primeira vacante que se produza no tribunal colexiado de que se trate ou nos xulgados da mesma orde xurisdiccional do lugar da praza reservada, a non ser que se trate das prazas de presidente ou legalmente reservadas a maxistrados procedentes de probas selectivas, se non reúnen esta condición.

3. Aqueles que, achándose nunha situación administrativa distinta do servizo activo, obteñan mediante concurso unha praza ofertada ao abeiro do disposto neste artigo, necesariamente deberán reincorporarse ao servizo activo para proceder ao desempeño efectivo de funcións xudiciais na dita praza.»

Tres. Modifícase o número 4 do artigo 373, que queda redactado como segue:

«4. Tamén poderán gozar de até cinco días de permiso no ano natural, separada ou acumuladamente. Os superiores respectivos só os poderán denegar por necesidade do servizo.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 487, que queda redactado como segue:

«1. O desenvolvemento e cualificación das probas selectivas corresponde aos tribunais cualificadores que, para tal efecto, se constitúan.

Estes tribunais gozarán de autonomía funcional e responderán da obxectividade do procedemento e do cumprimento das normas contidas na convocatoria.»

Cinco. Modifícase o artigo 494, que queda redactado como segue:

«1. O ministro de Xustiza será competente para o nomeamento dos funcionarios de carreira. Así mesmo, será competente para acordar a perda da

condición de funcionario e, se for o caso, a rehabilitación, nos supostos recollidos nesta lei orgánica na forma e mediante o procedemento que regulamentariamente se determine, atendendo ás circunstancias e á entidade do delito ou falta cometida.

2. A xubilación voluntaria, forzosa ou por incapacidade permanente, así como a posible prórroga de permanencia no servizo activo, será acordada polo órgano competente do Ministerio de Xustiza ou, se for o caso, da comunidade autónoma con competencias asumidas. Isto sen prexuízo de que a rehabilitación procedente de xubilación por incapacidade permanente para o persoal ao servizo da Administración de xustiza será acordada, en todo caso, polo Ministerio de Xustiza, na forma e de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.»

Seis. Introdúcese un novo artigo 584 bis, coa seguinte redacción:

«1. Os membros do Consello Xeral do Poder Xudicial que desempeñen o seu cargo con carácter exclusivo percibirán a retribución que se fixe como única e exclusiva en atención á importancia da súa función na Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial que non desempeñen o seu cargo con carácter exclusivo percibirán as axudas de custo por asistencia ao Pleno ou ás comisións que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado, sen ter dereito a ningunha outra clase de remuneración polo cargo de vogal, agás as indemnizacións que por razón do servizo lles poidan corresponder.»

Sete. Suprímese o capítulo IV do título V do libro VIII e, en consecuencia, o artigo 628.

**Disposición transitoria única.** *Procedementos en trámite.*

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do artigo 55 bis continuaranse tramitando conforme as disposicións establecidas nel. Os tribunais que estean coñecendo dos referidos procedementos suspenderán a súa tramitación no estado en que se encontren e deberanos remitir inmediatamente á sala competente do Tribunal Supremo.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da disposición transitoria terceira da Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do poder xudicial.*

A disposición transitoria terceira da Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do poder xudicial, queda redactada da seguinte maneira:

«Tras a entrada en vigor desta lei, o Goberno procederá á actualización do réxime e contías das retribucións previstas no Real decreto 431/2004, do 12 de marzo, para o pagamento de substitucións, servizos extraordinarios e participacións en programas de actuación por obxectivos.

En todo caso, a contía da retribución por substitución, nos casos que regulamentariamente se estableza a súa procedencia, será igual ao 80% do complemento de destino previsto para o desempeño profesional no órgano que se substitúa, sen computar nel as contías que corresponden por circunstancias especiais.»

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 11 de xullo de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY